


Onstopus

<http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/onstopus.htm>

Xornal: anárquico-independente de Ons / **Saída:** cando lle peta / **Prezo:** cunca albariño caseiro / **Coordina:** Tinóns

Nº127/ Ano: 2026 / 1º xornal Mes de xuño/ Estado de altas temperaturas

Para comunicar con Onstopus: tinopardellas1957@gmail.com / celestinopardellas@gmail.com



Unha boa idea a presentar á Autoridade Portuaria de Marín. **Páx. 1**



Os temporais fan estragos e máis cando as solucións non son as axeitadas. **Páx. 1**



Entregados as últimas coleccións enteiras, ou os números que lles faltaban, de AUNIOS a organismos oficiais, bibliotecas e museos. Quedan exemplares soltos dos que pronto informaremos. **Páx. 2**



Máis premios para o Grupo Acuña. **Páx. 2**



Aproveitar as investigacións en Ons para un Parque Nacional Activo. **Páx. 3**



Veremos rehabilitada a capela de Canexol este ano? **Páx. 4**



Despois de soterrar a nova liña eléctrica, cometerán o mesmo erro cos contadores? **Páx. 5**



Interesantes investigacións durante a época estival. **Páx. 6**



Curso e exposición fotográfica en Ons en xullo. **Páx. 6**

Breves:

- Obras no barrio de Curro. **Páx. 5**
- Cataventos da igrexa nova. **Páx. 6**
- Visitas guiadas do Parque Nacional. **Páx. 6**
- Concurso de fotografía do Parque. **Páx. 7**
- Boletín informativo do Porto de Marín. **Páx. 7**
- Páxina enogastronómica. **Páx. 8**
- Faro de Ons. **Páx. 9**

SALGADOIRO DE SUXESTIÓNS.

Sobre o libro “Faro de CorazONS” e a Autoridade Portuaria de Marín

Un amigo e lector de Onstopus, faime chegar esta interesante suxestión sobre un libro, do que xa teño falado en Onstopus: <https://viladebueu.eu/Revistas/Onstopus/04/Onstopus-04.pdf>, pág. 3, sobre o que dá unha idea que pode ser moi interesante, se a Autoridade Portuaria de Marín teñen a ben realizala.

“Amigo Tino

.... Xa fai un tempo que non nos vemos. Eu agora vou pouco por Ons e normalmente no mes de agosto que ti non estás. Unha das últimas veces foi polo 2016, tiñas alugado un apartamento na de Acuña e eu estívera coa muller, nunha habitación, mesmo ao lado.

Non sei se acordarás, pero deixárasme un libro (Faro de corazones). Collérao pola mañá e á noite xa cho devolvín, lérao en nada, era moi interesante e falaba da relación de dous rapaces, un fillo do fareiro de Ons e dunha nena dun colexio de Cambados, e a trama discorría sobre o Faro de Ons e a despoboación da illa.

Tamén recordo, que posteriormente faláramos sobre o fascinante que sería para a poboación escolar das rías de Arousa e Pontevedra ese libro.

Máis tarde (tiven que repasar todos os Onstopus para atopalo) no mes de maio de 2020, no número 4, pág. 3, falas del e xa apuntabas o proveitoso que sería para un proxecto de lectura escolar nestas bisbarras. E, xunto con iso, comunicabas que os autores fixeran unha Guía Didáctica sobre el, animándoos a poñerse en contacto, entre outros, coa Autoridade Portuaria de Marín para unha publicación máis ampla.

Parece que a túa proposta non tivo éxito. De novo cando en setembro do 2024 propuxeches que as instalacións do Faro se converteran nun Museo e tanto en Aunios como nos Galos sacastes uns interesantes artigos sobre o tema, acordeime de novo dese libro e da posibilidade dunha nova edición, que seguro, axudaría moito á vosa angueira. Como soe pasar, acordeime no momento, ía a escribírchelo e logo pasouseme.

Cando neste último Onstopus, víñ a foto dos fareiros, onde estaba Fernando Liste, que fai anos que non sabía nada del, acordeime do detalle do libro e é por iso, que me poño en contacto contigo. Non sería interesante darllo a ler ao Presidente da Autoridade Portuaria de Pontevedra e intentar que o reediten de novo, coa Unidade Didáctica que dixeches que fixeron, e que o ofrezan aos colexios das rías de Arousa e Pontevedra? ...”

Prezado amigo, teño que dicirche que xa o tiña esquecido, pero a idea paréceme importante. Sei que nun primeiro intre fixeron unha tirada pequena grazas a unha axuda do concello de Cambados, logo, co éxito que tivo, fixeron outra tirada, tamén pequena, pero desta vez en Galego. A primeira ía en castelán, que foi a que ti liches, porque xurdiu a idea para a materia de Lingua Castelá. Tanto a primeira edición como a segunda, voaron e non sei se terán algún exemplar para pasarllo á Autoridade Portuaria, vou preguntar, pero a suxestión paréceme moi atractiva e, dende logo, sería un acerto, para dar a coñecer o FARO de ONS dende un punto de vista **escolar e didáctico**.


<https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/arousa/cambados/2015/03/27/manu-felpeto-elena-silvoso-presentan-libro-faro-corazons/00031427471661236993417.htm>

Que pena amigo, que ideas tan interesantes non se lles ocorran nin á Consellería de Medio Ambiente, nin a Parques nin ao Concello de Bueu.

A Illa de Ons foi, é e será a GRANDE ESQUECIDA.

Manuel Felpeto


El faro de corazONES



Ilustradora: Elena Silvoso

El faro de CorazONES

TINTO MANUEL FELPETO
ILUSTRACIONES: ELENA SILVOSO



GUÍA DIDÁCTICA

Arriba: O libro en versión castelán.

Abaixo : A Guía Didáctica sobre o contido do libro.



Esquerda, como quedou a baixada á praia de Canexol cos temporais invernais.

Dereita, Solución temporal que buscaron para poder achegarse á praia de Canexol.

BAIXADA Á PRAIA DE CANEXOL

Despois de moito pedir que se pechara a baixada á praia de Canexol polas dunas e que se arranxara un pequeno camiño, un pouco máis adiante, que se utilizaba para baixar; por fin o fixeron e, aínda que un pouco empinado que dificulta a baixada a persoas con discapacidade, quedou feita. Pero, non se decataron que, ás veces, as marusías causan estragos, e como profesionais, deberían telo en conta. Non se fixo, e o mar esnaquizouna. Un par de meses máis adiante, buscaron, o que supoño, unha solución puntual, un pouco chapuceira, que espero solucionen, antes do verán, de xeito adecuado. **Pág. 1**

REVISTA AUNIOS, comeza os seus últimos pasos

O principal obxectivo da revista cultural **AUNIOS**, vinculada á Illa de Ons, era dar a coñecer as peculiaridades desta histórica e engaiolante illa para que persoas cualificadas as estudaran, xa que estaban sen investigar.

Dúas **máximas** tiña Pineiróns (*asociación encargada da súa edición*) cando decidiron sacala adiante. A **primeira** era a **gratuidade** para quen a recibira. E a **segunda**, que non só se repartira en Ons e bisbarras do Salnés e Morrazo, senón que chegara a todas as bibliotecas, museos, arquivos, padroados,..., máis importantes de Galicia. Tamén ás universidades (Santiago, Vigo e Coruña), a un bo número de centros de ensino de primaria, secundaria e bacharelato, Dioceses de Santiago de Compostela,..., concellos dos que se falaba na revista,..., e asociacións, centros e sociedades culturais, gremios,..., que nola solicitaran e, como non, aos organismos oficiais da Xunta, Deputación de Pontevedra e concellos dos que se escribía ou se interesaban por ela. Xa por último, dende principios do século XXI está en **internet**, co que pode ser visualizada, lida e baixados os seus números para arquivar.

Esta **distribución**, tivo un enorme gasto económico, a carón do de imprenta, pois a maioría do reparto fíxose por correo postal ou con desprazamentos en coche para a súa entrega.

A medida que a revista ía sendo coñecida, sobre todo, polo interese do seu contido e polos colaboradores (*un bo número de recoñecido nivel e bagaxe cultural*), e era nomeada en bibliografía de traballos, libros e outras revistas, comezou un maior interese cara a ela e, podemos dicir que entre os 600-800 exemplares que sacabamos anualmente, quedaban esgotados en menos de tres meses.

O que si chamounos a atención, foi comprobar que pasados uns anos, e sabendo fixo que llas fixeramos chegar, dende algúns dos lugares de envío nomeados anteriormente, pedíannos números atrasados, e ata coleccións completas.

Tivemos que traballar arreo para conseguir os números que tiñamos esgotados e dos que había escasos exemplares, e ata puxémonos en contacto con algúns deles, que non nos dixeran nada e que considerabamos que era importante que a colección **AUNIOS** estivera alí arquivada, por se as tiñan ou lles faltaba algún exemplar. Os últimos foron: A Biblioteca de Bueu, o Arquivo Provincial de Pontevedra, o Museo de Pontevedra e, para rematar, o Parque Nacional das Illas Atlánticas.

Tanto os anteriores, como estes últimos, agradecéronnos o interese e traballo que puxemos para poder completar as coleccións e (aquí vén a anécdota), só co fin de que permaneceran gardadas no noso arquivo, quedar como un grato recordo ou poñer na última **Aunios** ou no minixornal **Onstopus**, **solicitabámoslle**, se o tiñan a ben, facer unha **foto** connosco da entrega dos exemplares.

Coido que ben pouco era o solicitado, tendo en conta o traballo desenvolvido ao longo de 28 anos e a disposición para completarlles a colección.

IMPORTANTE

Os anteriores enlaces para a revista **AUNIOS** e **ONSTOPUS**, xa non funcionan. Aquí deixo os novos. Recomendo gardalos e baixar as revistas a un pen drive para non perdelos por se o día de mañá desaparecen de internet.

Novos enlaces:

<https://viladebueu.eu/Revistas/Aunios/aunios.htm>

<https://viladebueu.eu/Revistas/Aunios/indiceAutores.htm>

<https://viladebueu.eu/Revistas/Onstopus/onstopus.htm>



Arriba, co bibliotecario de Bueu.
Abaixo, coa Xefa de Sección de Documentación do Museo de Pontevedra.



Nesta foto de arriba, o Presidente e Secretario de Pineiróns no rexistro do Parque Nacional das Illas Atlánticas.

Sobran as explicacións.



Cando rematabamos de entregar o anterior Onstopus, chegou a noticia de que outro **Premio** recibía o **Grupo Acuña**. Desta vez durante o **III Encontro do Club de Produto Galicia Destino Sostible**, para a **Pensión-Restaurante Casa Acuña** e a axencia **VioViajes**, que pasan a sumarse aos xa recibidos pola **Navieira Piratas de Nabia** e o **Cámping Isla de Ons**. **PARABÉNS**



PARQUE NACIONAL ACTIVO

ONS ARQUEOLÓXICA: Actividades para coñecer mellor a importante arqueoloxía aunienese.

Importantes os novos achados que realizaron neste mes de xuño os arqueólogos da GEAAT no Castro dos Mouros do barrio de Canexol en Ons.

Non vou a entrar a describilos agora, xa que sería unha repetición das notas de prensa que saíron estes días nos medios e que deixo aquí para que, que non os lera, poda facelo de vagar.

<https://www.farodevigo.es/o-morrazo/2026/06/03/excavaciones-ons-localizan-nueva-estructura-130958697.html>

<https://www.xunta.gal/es/notas-de-prensa/-/nova/024658/xunta-universidade-vigo-promueven-una-nueva-campana-arqueologica-ons-para-ampliar>

https://www.lavozdegalicia.es/noticia/pontevedra/2026/06/04/ons-2000-anos-creciente-impacto-romano-anforas-andaluzas-italia/0003_202606P4C5991.htm

<https://www.farodevigo.es/fotos/o-morrazo/2026/06/03/primera-fase-excavaciones-arqueologicas-2026-imagenes-130959161.html>

https://www.pontevedraviva.com/es/general/hallan-gran-estructura-romana-fuera-muralla-castro-ons_517890_102_amp.html

<https://www.diariodepontevedra.es/articulo/o-morrazo/hallan-gran-estructura-romana-exterior-castelo-dos-mouros-ons/202606021829061451577.html>

(Fotos castro: GEAAT)



Ao chegar ao Castro colleu a testemuña unha das arqueólogas que realizou unha perfecta exposición, sobre o terreo, de todo o referente á escavación.

Unha mañá moi aproveitada en información recibida por guía e arqueóloga, e unha Actividade moi interesante, aproveitando que estaban de traballo no castro.

Por dar unha suxestión a maiores, coido que estas actividades deberían ter máis promoción e divulgación por parte do Parque para conseguir unha maior asistencia.



En Ons, durante o ano, aínda que máis na primavera e verán, grupos de investigadores piden permiso ao Parque para realizar as súas pescudas. Algunhas poden ser só dunha xornada, o que quizais non dá pé a realizar actividade pública a maiores, pero outras son de varios días e sempre contan co visto e praxe da Consellería e o Parque facilita a estancia e chega a proporcionar infraestrutura para realizalas.

Debido a iso, o Parque, pode programar con eses investigadores, polo menos, unha **Actividade Pública**, onde un deles podería dar unha charla no Centro de Visitantes, dar información sobre o traballo que están a realizar,..., e ata poder observarlos ou practicar, mentres o realizan.

Segundo a investigación que estean efectuando e cunha información adecuada por parte do Parque para poder participar nesa Actividade Programada, cabería a posibilidade de que ese día se achegaran a Ons persoas interesadas na temática específica de que se trate e participar nela, aínda que só sexa para recibir explicacións. Iso é un traballo a preparar polos **xestores do Parque**, ao non dispor dun **técnico/a cultural**, e que xunto cos guías oficiais, pódese ampliar a xornada cun percorrido pola Illa, segundo a temática de que se trate.

O custo para o Parque sería, nada e, sen embargo, habería ACTIVIDADE respectuosa na Illa.

ONS NA MEMORIA

Interior da capela de Canexol na década de 1990, cando se fixo a última restauración.

Era o día da Festa da Illa e, dende moi cedo, xa había aunienses esperando para a misa coa chegada das imaxes dende Curro.

Nestes intres, 2026, estamos á espera dunha nova rehabilitación. Tivo un importante deterioro ao estar pechada máis de 30 anos. Esperemos, que co gasto que se vai facer agora por parte da administración, teña un uso eclesástico ou cultural adecuado.



CURSO DE FOTOGRAFÍA EN ONS

Líamos na prensa, a finais do mes de maio, que o Grupo Acuña ía a realizar unha Actividade moi interesante en Ons: Trátase dun Curso de Fotografía e un concurso fotográfico “Habitar Ons”.

Interesante Actividade que se desenvolverá os días 20 e 21 de xuño e que será impartida polo fotoperiodista **Brais Lorenzo**. Ten prazas limitadas a 15 participantes.

Na prensa informan que: “**La formación incluirá talleres de técnica de fotografía, rutas guiadas por la isla, una sesión colectiva de edición y una salida nocturna con una charla de Brais Lorenzo.**”

Para el concurso, os participantes presentarán unha soa fotografía feita neses días. As seleccionadas quedarán expostas en Casa Acuña durante todo o verán.

Engaden que o obxectivo é: “**La propuesta quiere ser una invitación a retratar la isla no como un destino turístico, sino como un territorio con su gente, oficios, luz y silencio.**”

Promete ser moi interesante e é unha idea, das moitas que solicitamos, para un **Parque Nacional Activo**.

Fotos: Esquerda, Instagram. Dereita: Axencia EFE, Óscar Pinal

El fotoperiodista gallego **Brais Lorenzo** ha sido galardonado con el prestigioso premio

World Press Photo 2026

por su excepcional cobertura de los incendios forestales en Galicia

desliza >



OBRAS NA ILLA DE ONS. Barrio de Curro

Con bastante retraso co previsto, as obras do barrio de Curro, agora, van a bo ritmo. Queda todo o mes de xuño, que aínda que xa as navieiras están funcionando de xeito regular, a asistencia de turistas é pouca, agás as fins de semana, polo que as obras poden continuar sen problema.

É importante que se fagan con tino, e non que, por rematar axiña, despois haxa que estar pedindo responsabilidades á empresa.

Esperamos tamén, que todo o realizado estea perfectamente revisado por **persoal técnico da Xunta**: Axencia de Turismo, Consellería de Medio Ambiente e Parques e que, entregada a obra, teña un mínimo de 10 anos para responsabilizarse sobre calquera fallo que poida ocorrer.

Non vou entrar a valorar agora as obras realizadas, coido que xa se tratou neste minixornal en varias ocasións, xa que a Xunta fai oídos xordos ás suxestións realizadas (din sempre que estamos equivocados, sen dar ningunha explicación, por escrito, do por que), só queda esperar a ver resultados, e o tempo dará a razón a quen corresponda.



UN TOQUE DE HUMOR ÁS OBRAS

Á **esquerda**, como era o **Posto de Información** que había de obra e que, coidamos, non tiña ningún tipo de problema, polo que fora necesario o seu derrubamento e cambio.

Á **dereita**, (foto que me enviaron o 14 de maio de 2026) o novo Posto de Información, prefabricado, que ocupa o lugar do anterior.

Non sei como quedará ao final e se as comodidades e funcionamento serán máis axeitadas e mellores que o anterior para o persoal de Parques que vai traballar nel, *peeeero...*

O gracioso é que, a persoa que me mandou a foto, comentou: “**Cando o mirei, chamoume a atención, pois parecía ese habitáculo a modo de casíña, que puxeron polas árbores de Ons para os morcegos**”

Que queren que lles diga, a bote pronto pola foto, ten un pouco de razón, ou máis ben, como se di por aquí, unha “paxareira”. Esperemos a que estea montado e en funcionamento, para opinar.

SOTERRAMENTO DA LIÑA ELÉCTRICA CARA AO FARO

Líamos na prensa, o pasado 28 de maio, que a Consellería de M. Ambiente está a rematar a financiación para soterrar o cablaxe eléctrico polos barrios de Curro, Caño, Chan da Pólvora e Cucorno, que son os que colle na dirección do camiño que vai dende o peirao ata o Faro, e que ultimamente tiveron problemas coa falla de luz.

Din o seguinte: “**El proyecto que maneja la Consellería de Medio Ambiente se acerca a los 450.000 euros, una obra que incluye la retirada del actual tendido aéreo y la sustitución por una línea soterrada, colocación de nuevos contadores y sustitución de limitadores de potencia. En conjunto supone la renovación y soterrado de más de cuatro kilómetros de cableado**”.

Coido que é un proxecto moi positivo que, esperamos, evitará, segundo din, os problemas de luz que houbo, aínda que eu dubido moito que a causa fose o cablaxe aéreo que levaba funcionando perfectamente, con algún problema puntual, dende hai máis de 30 anos.

O que si quero solicitar, é que os **técnicos da Xunta** que despois do soterrado, veñan a comunicar onde os electricistas teñen que poñer os contadores, que realicen un estudo **ben feito e profesional**, para evitar que a magnífica Arquitectura Popular Mariñeira de Ons, non se vexa alterada pola colocación, á vista, destes contadores como pasou nos barrios de Pereiró e Canexol, que trouxo un **impacto visual** negativo nas vivendas que se podería evitar colocándoos noutras zonas da casa.

Esperemos que desta vez, se fagan as cousas con sentidiño e profesionalidade.



No momento de soterrar a liña e facer a acometida para a vivenda correspondente, os técnicos poderían buscar un mellor emprazamento para as caixas de contadores, sen necesidade de estar á vista, que causa un importante impacto visual e deteriora a Arquitectura Popular da Illa. Sen embargo, despois a propia Xunta de Galicia, saca unhas subvencións para **Loitar contra o Feísmo**, que eles mesmos provocan.

SALGADOIRO DE SUXESTIÓNS

Prezados lectores, podo dicir que este apartado é un grande éxito, aínda que non todo o que mandan serve ou debe poñerse neste minixornal, pero, podo asegurarlles que recibo un bo número de suxestións de todo tipo.

Hoxe, a carón da xa exposta en páxina anterior, vou poñer unha que levan tempo pedindo e, como están a remodelar o barrio de Curro, quizais poda ser o momento de levalo a cabo; coido que a repercusión económica, sería ínfima.

O lector solicita o seguinte: **ARRANXO E FUNCIONAMENTO DO CATAVENTOS DA IGREXA NOVA:**

“O cataventos (veleta) do campanario, está fixo. Indica sempre, independentemente do vento que teñamos, cara á casa de Cesáreo. Queremos que o cataventos indique: unhas veces cara ao sur, outras cara ao norte, outras ao leste,... É importante que se mova ese instrumento meteorolóxico.

Para nós é importante nunha illa, saber que vento temos, pois, se vén sur chove, se vén norte límpa, se ven oeste van ás luras, se vén leste marchan aos robalos,... Entón, ese cataventos, por Deus!!!, que veña alguén e o arranxe ou poña un novo que marque a dirección do vento e non só a casa do Sr. Cesáreo....

É unha reivindicación que levamos anos pedindo, non sei a quen corresponde pagar e arranxar iso, se é ao clero, ao concello de Bueu,..., a parques, ou á asociación veciñal; é máis, ata faría unha colecta popular entre veciños e turistas para mercado, pero, o que non podo é poñela eu sen máis, aínda que, se fixera falla, teño un gran grupo de montañeiros que o faría.

Debe ser unha cousa do organismo que lle corresponda, pero un CATAVENTOS nunha illa, é imprescindible”.

Esta orixinal petición que pouco custaría, o lector xa a expuxo nun par de ocasións neste minixornal. A ver se desta ten sorte.

O que me chama a atención, **e é moi interesante**, comprobar que hai persoas que veñen a Ons e, nas súas andainas, fíxanse en pequenos detalles que, para a maioría, pasan desapercibidos. Coido que ese sería un **obxectivo** a lograr polos xestores do Parque Nacional: o conseguir que os visitantes, non veñan só tomar o sol, darse un baño, realizar un paseo e comer, senón a coñecer a beleza e as singularidades que ofrecen as illas como Parque Nacional.

En cuanto al contenido, el programa combina itinerarios de mayor duración y recorrido, como «Cíes, unha illa de paisaxes» o «Ons: unha illa con dúas caras», con outros máis centrados en la dimensión histórica y etnográfica, como «Cíes: unha viaxe no tempo», «Ons: un pobo no mar» u «Os primeiros poboadores de Ons». ... Así o informan na prensa.

VISITAS GUIADAS EN ONS DURANTE O VERÁN

Interesante a información e realizada con tempo, aínda que debería especificarse mellor: días, horarios, duración,... Tamén poderíase estudar levar a cabo visitas guiadas no Centro de Visitantes e actividades complementarias no exterior dese recinto (antigos patios de recreo), buscando un xeito de cubrilo, fixo ou temporalmente, para facilitar a realización dos proxectos e actos a efectuar.

A carón da propia programación de Parques, e como xa teño explicado, poderíanse aproveitar os **grupos de investigadores** con proxectos específicos que, entre os meses de xuño a outubro, se realizan en Ons para que, nunha xornada, máis ou menos longa segundo o tempo e persoal de que dispoñan, un ou varios participantes programen unha **exposición pública**, mesmo no Centro de Visitantes ou no lugar onde desenvolven o seu labor, sobre o estudo, traballo, investigación,..., que estean a realizar. Sería moi interesante, podería acudir a Ons persoas interesadas no tema do que se trate,..., e sería unha forma de colaborar co Parque que lle cede instalacións, infraestrutura,...



Verán 26

VISITAS GUIADAS NAS ILLAS ATLÁNTICAS

CON GUÍAS DO PARQUE NACIONAL

ILLAS CÍES E ONS
Faranse varias rutas diarias, ás que te podes apuntar nos puntos de información das illas no mesmo día. Tamén podes reservar praza na central de reservas nas rutas que se ofrecen ás 12:00 h os xoves en Cíes e os martes en Ons.

CORTEGADA, O SEGREDO DUN BOSQUE NO MEDIO DO MAR
Realizaranse 8 visitas en xullo e agosto
Saída dende Carril ou Vilagarcía segundo a data, prezo do barco 15€.

En pequenos grupos

RESERVAS E INFORMACIÓN:
www.illasatlanticas.gal/actividades
@atlanticas@xunta.gal 886 218082/90



XUNTA DE GALICIA



Grupos que soen acudir a Ons e poderían aproveitarse para unha xornada explicativa:

- Residencia FicBueu
- Grupo GEAAT
- Grupo Ibérico de anelamento
- Voluntariado observación de aves.
- Sociedade para o estudo ... de bolboretas
- Eventos realizados por Chelonia
- Sobre astronomía, entroido,..., e outros moitos que se realizan en Ons.

CONCURSO DE FOTOGRAFÍA

Organizado polo PARQUE NACIONAL ILLAS ATLÁNTICAS



VELÁI TEDES AS 8 FOTOS GAÑADORAS DO CONCURSO DE FOTOGRAFÍA
¿COMO VES TI AS GAIVOTAS?
Parabéns ás persoas que resultaron premiadas e moitas grazas a todos e todas por participar



Reunión de gaviotas – David Gallego



E ti, como me ves? – David Feijoo



Aquí mando eu! – Patricia Sobreira



Gaviota no tellado – Manuel Rodríguez



A mesma luz – José Pablo Pintor



Galvota en armería de Salvora – Jorge Calderón



A vixia de Cies – Christophe Lagade



As deusas das Cies – Noa Táboas

O Parque Nacional organizou entre o 1 e o 31 de maio un concurso fotográfico titulado **“Como ves ti as gaivotas?”**.

Agora veñen de informar sobre as fotos e os fotógrafos/as que resultaron premiados.

Co permiso do Parque, aquí vos deixamos as oito fotos galardoadas.

Interesante actividade que podería realizarse durante o verán en cada unha das illas e con diferentes temáticas. **PARABÉNS**



Dun xeito desenfadado e con humor, de participar fóra de concurso, presentaría estas tres:
Esquerda: Axeitándose para ir de festa. **Centro:** Viños e pinchos antes do xantar. **Dereita:** De churrascada.



A Autoridade Portuaria de Marín, vén de sacar o nº 31 do seu Boletín Informativo.

Nas súas primeiras páxinas falan da homenaxe ao Fareiros de Ons e sobre a reunión que o Presidente da A. Portuaria tivo coas Asociacións: Anduxía, Galos e Pineiróns.

[file:///C:/Users/PC/Desktop/PORTO%20DE%20MAR%C3%8DN%2031%20\(1\).pdf](file:///C:/Users/PC/Desktop/PORTO%20DE%20MAR%C3%8DN%2031%20(1).pdf)

Quedamos á espera de que haxa unha homenaxe polo Centenario do Faro, na Illa de Ons. **Páx. 7**



Manolo, preparando a sardiñada, neste singular asador do furancho “O Portugués”

Para min, o verán comeza cando cambio o pantalón longo polo curto, facemos a primeira sardiñada e inicio os preparativos para ir a Ons.



E aquí temos a primeira sardiñada, aínda que, en realidade, foi a segunda. A primeira, como nos últimos catro anos, celebrámola no restaurante Chiringuito de O Grove. Alí nos xuntamos: Francisco Goberna (Curmán de Pepe de Checho), José Navia (noutros tempos, mestre no Grove) e os membros de Pineiróns: Pepe de Vigo, Taboada e Tinón. Mandámoslle tremenda sardiñada, que aínda que non tiñan moita graxa, estaban exquisitas.

Ao día seguinte, chámanos o meco Manolo “Catanga”: Hai sardiñada!!! E alá fomos Taboada máis eu, ao Furancho “O Portugués” en Adina-Portonovo, onde, de novo, saboreamos outra maxistral sardiñada, estas un pouco máis grandes e con algo máis de graxa que as anteriores.

Loxicamente acompañadas duns albariños e tintos de colleita propia e que estaban de bo padal.

Ocorrente e creativo o asador que ten este furancho que facilita, e moito, realizar calquera tipo de asado.



CENTENARIO CASA RESTAURANTE MODERNO 1926-2026

No ano 1926, inaugurárono no Patín o restaurante Moderno. Hoxe, no ano 2026, queremos render unha merecida homenaxe aos nosos antecesoros pola súa iniciativa empresarial. Esta celebración do Centenario consolida a 4ª xeración de homes e mulleres que siguen mantendo os principios de calidade e servizo. O vindeiro venres 12 de xuño do 2026, queremos contar contigo na conmemoración do Centenario de Moderno, na rúa Castiela 36 (O Grove), en horario de 19.00 a 22.00.

MODERNO



O pasado venres día 12 de xuño, vivimos un serán do máis interesante, nada menos, que o Centenario da Casa Restaurante

“MODERNO”

no Grove. Así nolo contan en Todogrove:


“Ao longo dun século, Moderno acompañou a veciños e visitantes, formando parte da vida cotiá do Grove e converténdose nun establecemento de referencia para numerosas familias. A súa historia é tamén a historia dunha comunidade que medrou, mudou e evolucionou arredor dun negocio que sempre apostou pola proximidade, a calidade e o servizo.



A conmemoración dos cen anos constitúe un recoñecemento ao esforzo colectivo dunha familia que soubo transmitir de xeración en xeración os valores que definiron o establecemento desde os seus inicios. Un legado empresarial e humano que continúa máis vivo ca nunca”.

Todo resultou perfecto, foi un serán do máis animoso e familiar, onde toda unha vila rendeu homenaxe a unha familia que soubo manter a tradición da cociña tradicional. Unha enorme aperta a esta cuarta xeración á que desexamos unha longa singradura gastronómica.

Fotos cedidas por: Jacobo Fernández.



Está un día gris,
e os nubeiros non deixan
que o sol me alumee.
Estou nun segundo plano,
pero non importa,
quero pasar desapercibido,
pois sinto unha enorme
inquietudanza no meu interior.
Na miña lanterna acristalada,
rebule a mesma teima:
Que terán preparado,
na Illa e os meus xefes,
para a celebración
do meu centenario?

FARO de ONS